

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 19 DE DECEMBRO DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a dezanove de decembro dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos (voceira)

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. José Angel Vieiro Amor

Concelleira non adscrita

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas

Non asisten:

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (VB)
D. Yago Lage Caramelo (PP)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 30 DE NOVEMBRO 2017.
2. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+ 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.
3. ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.
4. DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DO 24.10.2017 RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO, ANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N°1 DA CORUÑA PA 149/2017. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1154/2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 30 DE NOVEMBRO 2017.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de novembro, través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a actas da sesión ordinaria do día trinta de novembro de 2017, por unanimidade de votos a favor (once), apróbase a referida acta.

2. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+ 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 14 de decembro, que transcrita literalmente di:

<<Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2018 do 03.10.2017, e as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 188 do 03.10.2017.

Visto que na devandita Circular comunícase a asignación do POS+ 2018 ao Concello de Bergondo por un importe total de 599.478,76 euros.

Proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción da seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Subtotal pago a provedores	0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	209.028,78 €
Subtotal gasto corrente	209.028,78 €

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento
Denominación da obra ou subministración			
Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Moruxo, Ouces, Bergondo e Guísamo	205.084,84 €	115.296,86 €	320.381,70 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017	205.084,84 €	115.296,86 €	320.381,70 €

Aprobar o proxecto da obra incluída no POS+ 2018 que se relaciona nesta táboa.

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2018	0	0	0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	209.028,78 €	55.971,22 €	265.000,00 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	0	0	0
	Achega 2017	205.084,84 €	115.296,86 €	320.381,70 €
	Préstamo 2018	0	0	0
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0	0	0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0	0	0
	Achega 2017	0	0	0
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	0	0	0
TOTAL	Achega 2018			
	Achega 2017			
	Préstamo 2018	0	0	0
	TOTAL	414.113,62 €	171.268,08 €	585.381,70 €

SEGUNDO. Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Mellora e asfaltado de camiños mediante regas e aglomerado asfáltico nas parroquias de Ouces, Lubre, Babío, Bergondo e Vixoi	454	200.048,53 €
Totais		200.048,53 €

TERCEIRO. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e está en trámite de resolver o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018.

QUINTO. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

SEXTO. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Bergondo, 11 de decembro de 2017. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez>>

Sra. alcaldesa: como comentabamos na Comisión informativa do xoves, é o segundo ano que cambian as bases do Plan da Deputación do que era o POS e agora é o Plan único, onde hai unha parte que si que é de obriga que se executen obras que sexan financeiramente sostibles, no noso caso a achega do 2017 como se lía na proposta que é de douscentos cinco mil oitenta e catro con oitenta e catro; para esa parte o que propoñemos é o proxecto de aglomerado que se citaba de trescentos vinte mil euros, con este proxecto non é que se remate e se poñan todos os camiños en condicións, pero si unha moi boa parte; se a iso sumamos o que xa se está realizando do POS actual, o que vai saír a licitación nestes próximos días de regas, pois entendemos que lle damos un bo repaso a todo o concello tamén en cuestión de seguridade vial que ademais lle facía moita falta, algúns destes camiños estiveron afectados por obras de saneamento e demais, polo tanto fai moita falta.

A outra parte, a achega provincial do 2018, os douscentos nove mil vinteoito con setenta e oito, propónse a xustificación co gasto corrente, e isto, o comentaba o outro día, non significa que non se fagan inversións, de feito explicaba que este Plan único substitúe tamén ás subvencións en concorrencia que había para os Plans de Cultura, de Deporte e de Servizos Sociais, Plans que agora non existen, e iso non quere dicir que non se estean facendo as actividades e que non se fagan tamén os investimentos, tanto en Cultura e Deporte como nos Servizos Sociais, o único é que agora esas actividades e eses investimentos fanse con fondos propios porque precisamente é o que o xustifica para a Deputación pois é o gasto corrente, pois ben a través de temas de facturación de alumeadado, temas de parques e xardíns, incluso a achega ao Consorcio moitas veces xa que é a xestión de residuos; é dicir, cuestións que son de competencia municipal.

Polo tanto, esa é a proposta, aprobar ese Plan de camiños, de trescentos vinte mil euros, e despois tamén propoñemos para o Plan complementario o proxecto de mellora e asfaltado de camiños, neste caso mediante regas e aglomerados, insistindo unha vez mais en que as regas as deixamos para os camiños onde ou ben non hai todos os servizos, ou ben son camiños que apenas teñen tránsito, pero que de todas formas teñen que ter un mantemento regular.

Propóñense dez camiños no proxecto principal: camiño da DP807 a Moruxo, camiño da DP813 a Cangas, da DP808 a Bergondiño, da AC164 a AC162, da AC164 á Pedrosa, da AC161 a Covas, da AC170 ás Cardosas, da DP810 a San Paio, da NVI a Ruanova e Loureda, e da AC214 a Baldomir.

Xa digo, este é o proxecto principal e no proxecto complementario, camiño dende a intersección coa estrada DP813 ata a Lagoa, camiño dende a intersección da DP813 ata Campo Galán, camiño da intersección DP811 ata Lubre, intersección da DP811 ata igrexa de Santa Marta de Babío, intersección da DP802 ata o lugar de Babío, camiño dende a intersección coas estradas AC162 e AC164 ata a Casa do Concello, e camiño entre a intersección coa estrada NVI ata o lugar de As Cerqueiras.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: non quero entrar en bucle con vostede como na Comisión informativa, entón, ben aos proxectos que son necesarios, pero non a destinar mais de douscentos mil euros a gasto corrente por moito que o permitan as Bases.

A razón é que vostede aquí non aclara en que se vai gastar, e se o total achegado pola Deputación se levase a inversión teríamos a certeza de que ía realizar, xa que noutro case perderíase ese importe, da forma legal que vostede o está facendo estamos dando vía libre para facer o que lle veña en gana. Nada mais.

Sra. alcaldesa: como lle dicía o outro día, ese será un debate no próximo punto, onde vostede tamén poderá ver que no Anexo de inversións, van inversións con fondos propios, obviamente van con fondos propios porque estamos

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

xustificando con gasto corrente os fondos que nos dá a Deputación, senón parte deses investimentos que van con fondos propios terían que ir tamén cos fondos da Deputación.

Non é que nos dean carta branca para facer o que queiramos, de feito o espírito do Plan único é precisamente que os concellos poidan destinar o Plan da Deputación as necesidades que crean convenientes, non é soamente neste caso de inversións, e que entón eu lle pregunto, as actividades de Cultura, de Servizos Sociais e de Deporte que viñan sendo financiadas con plans en anteriores convocatorias, agora as deixariamos de facer porque non vai haber plans para actividades.

Sra. concelleira: mire, iso é unha contía mínima, non son douscentos nove mil euros, e como vostede di que cada cousa se fala no seu momento, eu se quere cóntolle agora o punto seguinte, onde se ven os presupostos que se van facer con fondos Deputación, etcétera, pero eu creo que debemos de seguir un ritmo e unha orde...

Sra. alcaldesa: si, si, o ritmo en todo caso o marcamos, pero eu lle repito que non é realmente ese criterio que vostede di...

Sra. concelleira: é exactamente o mesmo criterio.

Sra. alcaldesa: non o é

Sra. concelleira: non sei....

Sr. voceiro do PP: eu lle pregunto, na partida tan grande que levamos de asfaltados, en Cortiñán e en Vixoi, practicamente non vai ningún camiño, As Cerqueiras, un camiño que vai a dúas casas que temos alí, e nada mais; toda esa zona que pasa?

Sra. alcaldesa: pois mire señor concelleiro, en Cortiñán realmente habería un camiño que podería ter mínima necesidade e que por cuestións técnicas..., de feito propuxemos un camiño para asfaltar, e tecnicamente non se viu que tivera aínda esa necesidade, probablemente dentro dun par de anos si que se teña que asfaltar, ou incluso o ano que ven, non agora.

En Vixoi, os camiños que realmente necesitan ser asfaltados van sufrir obras dentro de pouco cos saneamentos, teremos que facer un próximo plan onde despois de facer o saneamentos si que teñamos que facer esas obras, en camiños nos que estou de acordo con vostede que van necesitar, agora teñen unha necesidade relativa, despois a van ter maior.

Sr. voceiro: si vale, pero na zona de Trasdoval, na zona de Raxás...

Sra. alcaldesa: é que é aí...

Sr. voceiro: aí están practicamente abandonados, hai todos os servizos, están listas....

Sra. alcaldesa: en Trasdoval imos meter un proxecto de saneamento que chega a parte de Trasdoval....

Sr. voceiro: a parte de abaixo si que se vai meter alcantarillado, pero na parte de arriba non entendo porqué....

Sra. alcaldesa: os da parte de arriba de feito están asfaltados dende hai dous anos e pico..

Sr. voceiro: asfaltados si..., unha pouca gravilla e un pouco de alquitrán...

Sra. alcaldesa: xa lle digo, tecnicamente propuxemos tamén eses camiños, probablemente eses camiños terán que entrar no próximo plan, estou de acordo con vostede.

Sra. voceira de VB: eu quería se me pode explicar brevemente, porqué estou vendo aquí o asfaltado no lugar da Pedrosa, parroquia de Moruxo, e eu segundo entendo no plano iría asfaltada toda a Pedrosa, non?

Sra. alcaldesa: si..

Sr. voceira: dende o stop da estrada xeral ata o final de todo?

Sra. alcaldesa: ata onde indica o plano...

Sr. voceira: eu non son arquitecta entón non entendo moito, se vostede me fai o favor de explicalo, so lle estou dicindo iso....

Sra. alcaldesa: e eu lle estou dicindo que é o que figura no plano, que tampouco imos debullar aquí camiño a camiño, que figura nos planos, é a parte que figura aí documentada, non fai falta ser arquitecto para ver nun plano ata onde chega; toda a Pedrosa? non, entendo que este é o camiño principal, haberá camiños auxiliares que non están contemplados.

Sr. voceira: aquí hai un marxe que pon ata o stop, isto imaxino que será o camiño que vai ao Centro social...

Sra. alcaldesa: si, aí hai esa pequeniña baixada á estrada AC164

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Sr. voceira: entón a miña pregunta é, dende o Centro social hai unha sinal que se puxo hai pouco de estrada cortada, ese anaco o van asfaltar?

Sra. alcaldesa: pois probablemente non, se non está aquí serigrafiado non.

Sr. voceira: e vostede ve normal que se deixen cen metros sen asfaltar nun camiño?

Sra. alcaldesa: pois moitas veces hai que ver as condicións do camiño...

Sr. voceira: pero se está cheo de baches...

Sra. alcaldesa: haberá que velo mellor, incluso no seu momento..

Sr. voceira: e que eu penso que de facer unha cousa, facela como é debido...

Sra. alcaldesa: si, estou de acordo con vostede...

Sr. voceira: entón, a vostede parécelle normal? que paremos de asfaltar xusto no Centro social para adiante....

Sra. alcaldesa: pois probablemente ao mellor é porqué hai cuestións nas que é dubidosa a titularidade, moitas veces; polo tanto nese caso e como nós temos aquí que certificar a titularidade, pois entón...

Sr. voceira: é un camiño privado?..

Sra. alcaldesa: non lle estou afirmando nada, estoulle dicindo que podería ser unha das cuestións, e como está supervisado tecnicamente, pois que podería ser unha das razóns. Se no seu día despois se ve, nós non pretendemos con este plan que quede asfaltado todo o concello, quedarán aínda fases e camiños, obviamente..

Sr. voceira: eu comprendo que todo non se pode facer...

Sra. alcaldesa: dunha vez non...

Sr. voceira: aí estou totalmente de acordo con vostede, agora, o que se faga que se faga ben, parécelle? eu penso....

Sra. alcaldesa: si, perfecto...

Sr. voceira: se por aí pasan veciños que están pagando os impostos, imaxino que terán dereito a que se lles faga..., a ver, todos somos iguais, non?

Sra. alcaldesa: si, si..., pero a ver, os veciños moitas veces tamén pasan..., que non digo que sexa este caso, pero os veciños tamén pasan polos camiños privados, e tamén pagan impostos, e mais nós non asfaltamos os camiños privados, poño iso como unha cuestión, que non digo que sexa o caso, pero que iso se dá ao día de hoxe..

Sr. voceira: vale perfecto, é o seu punto de vista, nada mais.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: matizar unha pequena cuestión, dicía vostede dez camiños, en realidade hai..., hai camiños que son individuais e algún, digamos, colle un entramado dunha zona, estou pensando por exemplo nalgún da zona de San Paio ou de Baldomir, ou mesmo o da Pedrosa que serían dúas ramificacións, é dicir, son dez pero ao mellor son uns pouquiños mais como resultante final.

E pouco mais, hai camiños que efectivamente se tiñan previstos, comentouse un principal de Cortiñan, algún de Vixoi tamén se tiña contemplado, e por diferentes casuísticas, porqué falta o tema do saneamento..., porqué o criterio técnico considerou que non procedía, porqué non tiña..., non estaba suficientemente deteriorado, digámolo así, ou ben algún camiño que se asfaltou con regas, iso si, pero ao mellor hai un ou dous ou tres anos, parecía un pouco... volvelo meter xa, un pouco prematuro quizais.

E pouco mais que comentar ao respecto.

Sra. alcaldesa: si, lle comentaba agora precisamente, os camiños que vostede citou se lle pasaron ao técnico e foi precisamente o técnico o que ten que facer un informe onde, ao ser financeiramente sostibles as obras, ten que realmente verse a necesidade real ao día de hoxe, por iso eu repito que nós tamén os propuxemos, pero que non son camiños que agora mesmo estean aínda nesa necesidade, incluso sabendo todos que este Plan, o aprobamos hoxe, espero..., se aproba despois na Deputación, teñen que vir as autorizacións, se licita, e polo tanto as obras non se van a estar facendo como mínimo probablemente ata o verán é de feito van pasar por eses camiños e estes camiños outros seis meses, vai seguir pasando o inverno e os camiños van estar peor. Xa lle digo, no próximo plan se terán que meter, porqué esa necesidade a vimos todos.

Sr. voceiro do PP: é que temos dúas vías principais, por arriba e por abaixo, e que non entre ningunha con todos os servizos....

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: de feito as dúas se propuxeron pola miña parte e non vai ningunha, fíxese vostede, ás veces...

Sr. voceiro: que mala sorte...

Sra. alcaldesa: pero xa lle digo, cando se remate o saneamento se teñen que meter.

Sra. voceira de VB: perdón, agora estou pensando eu..., se vostedes dentro deste Plan, concretamente o da Pedrosa, o van asfaltar, cando puxeron os lombos eses, pensouse que se ía asfaltar?

Sra. alcaldesa: a ver, isto o estamos proponendo agora, de feito hai algún camiño que efectivamente ten eses lombos de asno, e aínda así e dado que, repito, estes camiños aínda se van asfaltar, van tardar bastantes meses, pois os lombos de asno era unha obra que xa estaba contratada e estaba planificada con anterioridade, e a pesares diso consideramos que agora no momento de asfaltar o camiño que se debería facer igual, co cal se teñen que contemplar esas accións, e de feito estaremos mellorando igual a seguridade vial durante estes seis meses, ou sete ou o tempo que pase.

Sra. voceira: de todas formas quedarán..

Sra. alcaldesa: si claro

Sra. voceira: e, baixo o meu punto de vista, que xeito terá facer os lombos e despois asfaltar, non será mellor asfaltar...

Sra. alcaldesa: por suposto, pero como os prazos, os tempos, non son os mesmos, polo tanto hai accións que xa están tendo ao día de hoxe un beneficio, e isto como non imos aprobar e facer as obras xa, porque sabemos os tempos que levan estes procedementos, en todo caso cremos que é unha cuestión igualmente paralela.

Sra. voceira: mire, está feito e feito está, eu voulle dar un consello co mellor desexo do mundo, unha cousa é gastar e outra cousa investir...

Sra. alcaldesa: por suposto...

Sra. voceira: a min e a Veciños de Bergondo, sen ánimo de ofender a ninguén e que ninguén o colla a mal, pero isto foi tirar os cartos...

Sra. alcaldesa: iso é unha apreciación súa.

Sra. voceira: nada mais.

Sra. concelleira non adscrita: se me permite, xa que vexo que hai segunda rolda de intervencións hoxe. Falando do tema da Pedrosa, que é un tema que eu xa lle comentei a título persoal, hai unha estrada que está cortada, xusto a que baixa da Pedrosa á Chela, por un muro dunha finca que está caído, esa estrada é moi transitada, era..., agora non podemos transitala mais que andando, entón, se se pode ter en conta agradézollo.

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: unha (1) abstención; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor e catro (4) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobada, por **maioría de votos a favor** a proposta que devén en acordo nos termos antes transcritos.

3. ORZAMENTO MUNICIPAL EJERCICIO 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza de 14 de decembro, que transcrita literalmente di:

<<Formado por esta Alcaldía, o Orzamento municipal para o exercicio de 2018, ó que se lle une a documentación que preceptúa o art. 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e realizada a tramitación segundo o sinalado na lexislación vixente nesta materia (arts. 162 a 171 do citado texto refundido da Lei reguladora

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

das facendas locais, e 18 a 20 do R.D. 500/1990 de 20 de abril) e visto o informe emitido pola Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro que ascende a contía de 6.693.554,01 euros coherente coa estabilidade orzamentaria.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o exercicio de 2018, sendo a contía fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, un total de SEIS MILLÓNS CENTO CORENTA MIL SEISCENTOS CORENTA E CINCO CON OITENTA E NOVE EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

Capítulo	Denominación	Créditos iniciais (€)
1	Gastos de persoal	1.852.218,88
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.201.733,06
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	252.079,29
6	Inversións reais	812.614,66
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	22.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL		6.140.645,89

Capítulo	Denominación	Previsións iniciais (€)
1	Impostos directos	2.295.175,12
2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.313.367,80
4	Transferencias correntes	2.230.818,51
5	Ingresos patrimoniais	44.199,62
7	Transferencias de capital	205.084,84
8	Activos financeiros	22.000,00
TOTAL		6.140.645,89

TERCEIRO. Aprobar, igualmente, as bases de execución do devandito orzamento.

CUARTO. Aproba-la plantilla de persoal funcionario e laboral segundo consta no expediente.

QUINTO. Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 da citada lei.

SEXTO. Que no suposto de non se presentaren reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no BOP, xunto coa plantilla de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; noutro caso procederá de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

SÉTIMO. Que de conformidade co número 4 do mesmo precepto legal, remítase copia do referido Orzamento á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, na data que figura na marxe A alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez >>

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: como lles comentaba o outro día, a proposta de Orzamento que se trae difire bastante, e así se fai constar na Memoria de Alcaldía, con respecto ao ano 2017, no que tiñamos un incremento de ingresos pola regularización que se estaba a facer do Catastro, ese tema, que era un tema extraordinario, e que supuxo un incremento no Capítulo de Inversións, pois foi un feito puntual do ano pasado, polo tanto para o ano 2018 a proposta sería mais ben comparable co ano 2016, pasando a proposta de Orzamento de cinco millóns novecentos setenta e seis mil a seis millóns cento corenta, que son os límites nos que anda o Concello de Bergondo.

O Capítulo de Inversións está nunhas cantidades de oitocentos doce mil seiscientos catorce con sesenta e seis euros, que xa digo eu tamén que non nos parecen as suficientes, que desexariamos que fose superior, pero en todo caso, como lles digo sempre, temos un límite que son os ingresos e son eses seis millóns cen mil euros, e xa que para nós e o temos defendido moitas veces, moitas das partidas que van no gasto corrente son tamén inversión, xa que nós consideramos a inversión nos Servizos sociais, a inversión en Educación, a inversión en Cultura, pero efectivamente forman parte do gasto corrente, que son os tres millóns douscentos mil euros que o Capítulo que leva a maior parte no Orzamento municipal.

Volvendo un pouco ao que falabamos antes con respecto á subvención do Plan da Deputación, eu dicía que se ve obviamente no Anexo de Inversións, onde so está financiado con recursos propios non afectados, precisamente por iso, porqué non estamos xustificando con obras o que nos dá a Deputación, igual que non xustificamos con obras e por iso así llo dicía o outro día, o que nos dá o Estado na Partida de participación de tributos no Estado, que é un millón trescentos dezanove mil euros, e que ningún ano se cuestiona, senón que efectivamente forma parte de todo ese global, ou o Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia, douscentos noventa e sete mil euros, é dicir, son ingresos. Igual que son ingresos o que se recada do IBI, pois un millón douscentos cincuenta no de Urbana ou no de Rústica trescentos dez mil euros, por poñer algunha das cantidades.

É dicir, con todo iso o que conformamos son seis millóns de ingresos, obviamente hai mais Partidas, e con iso o que nós decidimos é como conformar a nosa proposta de Orzamento. Polo tanto dá igual, e iso o sigo defendendo, dá igual o que xustifiquemos nun lado ou noutro, senón realmente o que se reflicte despois no propio Orzamento.

E efectivamente oitocentos mil euros en inversións non é moito, pero tampouco está mal, e incluso hai concellos que nin sequera poden chegar a estas cantidades.

En todo caso, nós temos a oportunidade de poder utilizar os remanentes despois, que saben vostedes que non se poden incorporar na proposta de Orzamento, e que despois cando pechemos este ano 2017 e se faga a liquidación veremos tamén o resultado deste exercicio, e veremos a posibilidade de efectuar o suplementos necesarios onde aí basicamente o que podemos facer son obras financeiramente sostibles, como de feito estamos facendo neste ano, lles comentaba a vostedes o outro día que recentemente na última Xunta de Goberno por fin xa puidemos aprobar o inicio da licitación de numerosas obras que viñeron a pleno para ser aprobadas e tamén viñeron para ter a consignación de crédito suficiente, e unha vez obtidas todas as autorizacións verémonos con que imos estar realmente executando moitísima obra a principios do ano 2018, no primeiro semestre e que realmente se corresponde cos orzamentos e suplementos do ano 2017, polo tanto esa será tamén a vontade e a vocación no ano 2018.

Igualmente tamén estamos a expensas de ter noticias tanto positivas ou negativas dos fondos do IDAE, para ver tamén as obras que hai que facer en melloras eléctricas e melloras de iluminación.

En canto aos saneamentos, adiantabamos antes que estabamos a piques de licitar varios proxectos de saneamento, os mais importantes para acabar de completar determinadas zonas, efectivamente séguenos quedando Lubre, onde aínda estamos coa tramitación do proxecto que entronca o saneamento existente coa conexión coa depuradora, aínda segue en tramitación, de feito acaba chegar un informe a semana pasada e iso aínda tardará bastante xa que despois temos que iniciar o procedemento de expropiacións e demais, o importante é que vai seguindo o seu curso e queremos en canto se poida traelo a Pleno para dotalo economicamente, moito me temo que non será nos primeiros meses, incluso dubidoso no 2018, pero oxalá.

Iso en canto ás inversións; igualmente se propoñen unha serie de inversións sen especificar, xa que aínda non hai proxectos, e non soamente os trescentos para mellora de seguridade viaria, trescentos sesenta e cinco mil euros, que sería aproximadamente o Plan da Deputación que acabamos de aprobar, e a maiores noventa mil euros, tamén se propoñen partidas para reforzo do alumeado, pequenas, xa digo, estamos á espera do que resulte do IDAE, de cincuenta mil euros, sinalización turística dez mil, renovación de beirarrúas tamén imos licitar agora o proxecto que

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

veu aquí a Pleno de renovación de beirarrúas en Guísamo e agora continuamos con esta renovación de beirarrúas, xa digo, non están feitos aínda os proxectos e por iso tampouco aquí se fai referencia explícita a eles.

Tamén unha partida para inversión en parques infantís, mais que para renovación, adecuación dos existentes que tamén era unha das demandas que se facía a través da participación veciñal no orzamentos deste exercicio.

Así mesmo tamén a reposición e acondicionamento das escolas unitarias, despois de moitos anos necesitan que as pintemos, e probablemente traíamos no seu momento algún suplemento para algunha partida mais relacionada con Educación.

Igualmente agora mesmo estamos cun proxecto de renovación de pistas polideportivas que se aprobará esta semana e sairá a licitación estes próximos días, e aquí traemos igualmente unha proposta de cerca de corenta mil euros para o mesmo, e tamén para outras partidas de Deportes e demais.

En canto ao Capítulo de gastos de Persoal, un trinta con dezaseis por cento, un millón oitocentos cincuenta e dous, aquí tamén tal e como se di na propia Memoria, non se está contemplando o incremento da posible aprobación da RPT, xa que non está aprobada de xeito definitivo; tivemos no Pleno pasado unha aprobación inicial pero non temos a aprobación definitiva, cando esta sexa xa real terá que vir tamén unha modificación orzamentaria a Pleno.

Relacionado tamén con este punto, e xa que en acta tamén se recollía, si que me gustaría indicar algo que se recolle na acta e que se falou no Pleno pasado, e era referido a determinados postos e determinados traballadores que se citaba, ... *pero permíteselles conciliar e ademais poden compensar as horas dos plenos, cando teñen que facer un horario de corenta horas semanais...*, quero que conste tamén en acta que iso non é certo, xa que a especial dispoñibilidade non implica especial dedicación e aquí os traballadores fan trinta e sete horas e media, e todo o mundo compensa as horas que fai de mais, e con temas de conciliación o mesmo, quen ten fillos menores tamén concilia excepto en casos moi puntuais por necesidades do traballo.

Polo tanto, as cuestións relativas ao Capítulo de gastos de persoal realmente van ver as súas modificacións no próximo suplemento, xa digo, a Plantilla deste exercicio que tamén foi negociada na Mesa de Negociación so sete de novembro, como se cita, é a mesma, como non podía ser doutro modo, que a do ano pasado.

E despois tamén facer unha mención, o gasto corrente conleva as partidas mais grosas que son as de auga, de abastecemento, de saneamento, pero esas son partidas que teñen o seu reflexo tanto nos gastos como nos ingresos, entón digamos que por un lado entran e polo outro saen, isto é así.

O mais goso é sempre os Programas relacionados con servizos sociais, o Programa de Dependencia e demais, pero mantense na mesma liña, nese caso xa me adianto a que nalgún momento se poida dicir que os orzamentos son continuistas, é que efectivamente se continua cos mesmos programas, iso si incrementase e faise en dúas partidas moi concretas, é no tema de formación, onde vistas a cantidade de solicitudes que están tendo os cursos formativas que fai o concello con fondos propios neste caso, pois vemos a necesidade de incrementar a partida, xa que algún incluso requira dun maior custo para o ano que ven, e tamén unha partida relacionada co Medio Ambiente, para potenciar a gran labor que se está a levar a cabo por parte do voluntariado que está ademais moi animoso con este tema, e realmente porque cremos tamén que é un compromiso pola nosa parte.

Estas son as liñas principais da proposta de Orzamento para o ano 2018.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: pois eu non lle vou dicir que son continuistas porque xa o di vostede; pero si que lle vou repetir unha expresión súa que está no Anexo de Alcaldía, que a inversión descende na medida que descende o presuposto; no ano pasado o presuposto foi maior debido a un incremento na recadación, concretamente na Partida do IBI, e xa digo, non o digo eu o di vostede mesma na Memoria de Alcaldía na páxina cento sesenta e un.

Enlazando co punto anterior, o POS, vostede destina a Inversión nos presupostos, oitocentos doce mil euros, dos que trescentos sesenta e cinco mil son recursos afectados da Deputación, si?, entón xa quedan con isto catrocentos corenta e sete mil, se a isto lle resto os douscentos nove mil que destino do POS a gasto corrente, xa que de non ser así ese gasto corrente habería que pagalo con recursos propios, resulta que do que destinamos de recursos propios a inversión queda reducido a douscentos trinta e seis mil euros. E como isto hai que modificalo cando estea definitivamente aprobada a RPT, que supón un incremento salarial de mais de douscentos mil euros, pois ao final resulta que a inversión en Bergondo será nula; é dicir, seremos un concello que gasta todo o que recada, un concello de pura

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

subsistencia; pero que listos somos, se total a oposición nin mira nin entende os presupostos, seguro que son algunhas das frases que sairán pola súa boca.

E por isto que me parece que este cambarache legal, ben arguciado por outra parte de cara a vendelo en prensa, so é posible pola súa maioría absoluta, xa que se o seu socio estivera neste lado seguro que sería o primeiro en tirarlle os presupostos pola borda.

En resumo, aparte de todo isto, estes son os presupostos menos participativos e menos transparentes que vimos nos últimos anos, nos que por certo, a pesar do paripé que vostede fixeron polas parroquias case ninguén se ve reflectido neles.

E xa non falemos da oposición, á que como ven sendo habitual, se lle ningunea a pesar de que vostedes en conxunto, e falo de PSOE mais Anova, que forman o goberno municipal, representan o corenta e seis, corenta e oito por cento, da poboación, por culpa desa tan criticada Lei D'hondt, son sete e isto lles faculta para facer o que lles plazca.

Quero insistir e quero que me aclare de que Partida vai detraer os douscentos mil euros desa modificación presupostaria que temos que facer coa RPT, porque eu entendo que so cabe do Capítulo IV de inversión, e tamén que nos explique a presa repentina e tan curto prazo de traer estes presupostos, cando outros anos e sen xustificación algunha e sen motivo aparente, tróuxoos fóra de prazo.

Sra. alcaldesa: pois non lle vou dicir que non sabe ler os presupostos, pero evidentemente si que hai unha interpretación partidista pola súa parte, e que non é de todo real.

Di vostede que efectivamente e así figura no Anexo de inversións, o Plan de mellora e seguridade viaria, trescentos sesenta e cinco mil, con recursos afectados; acabamos de ler a proposta e na proposta do POS dise, o financiamento do investimento Deputación, douscentos cinco mil oitenta e catro con oitenta e catro, concello cento quince mil douscentos noventa e seis con oitenta e seis. Polo de pronto, a eses trescentos sesenta e cinco mil euros vostede lle tería que quitar, porque aínda que si figura no Anexo de inversións e así ten que aparecer xa que se non temos o recurso da Deputación non podemos facer esa obra, o que quere dicir é que deses trescentos sesenta e cinco mil unicamente douscentos cinco mil están sendo financiados pola Deputación, os outros cento quince mil os vai a poñer o concello; polo tanto as súas contas xa non lle están dando correctas, e ademais o acabamos de ler, é cuestión de saber de onde saen os números, será porque facer un Orzamento non é unha cuestións de dous días e que a nós lévanos bastante velo, estudalo, ver opcións, e ver ata onde podemos chegar.

Eu xa lle dixen que efectivamente a inversión non era a que nós tiñamos desexado, unha vez mais o único que se fai, polo menos dende a súa parte, non sei agora o resto dos grupos, é criticar o Orzamento pero tampouco dicir onde farían vostedes os cambios e que é co que non están en realidade de acordo, neste caso vostede, porque lle repito, temos un límite que son os ingresos e polo de agora tampouco oín a ninguén que tiveramos que subir os impostos para subir os ingresos deste concello, non é tampouco o que imos propoñer nós, por certo.

Pero si, repito, que tendo a posibilidade de facer as obras a través dos remanentes dos que despois vostedes no seu momento tamén criticarán que este concello ten remanentes e que non os utilizan e demais, a pesar de que os utiliza cos condicionantes que nos obriga a lei, e desde os momentos que nos obriga a lei, polo tanto si estamos facendo bastante mais obra da que realmente figura e da que figurará tamén aquí.

De onde se vai a detraer douscentos mil euros, di vostede, lle comentamos xa no anterior pleno, o incremento vai ser de sesenta mil euros, e non llo dixen eu nunha Comisión informativa, incluso llo dixeron outras persoas. Faremos un suplemento de crédito, e unha vez mais como temos remanente imos facer ese incremento no Capítulo de gasto de Persoal, non imos a facer unha transferencia de outros capítulos; polo tanto eses oitocentos doce mil euros teña vostede a tranquilidade de que van ir para inversións, polo menos así, *a bote pronto*.

Fala vostede de que a oposición foi ninguneada e demais, eu xa lle digo, cando outras veces se trouxeron aquí tamén propostas de orzamentos e demais, o que se obtivo tamén foi un no, e cando se intentaron outras veces negociar orzamentos pois ás veces incluso tamén foi un no.

Polo tanto, esta é a proposta que se fai dende o grupo de goberno, e xa digo, non é que nós ninguneemos, de feito temos en conta moitas das súas achegas, que fan durante todo o ano e que son tamén cuestións que nós tamén temos en conta.

Unha cuestión mais, traelos a presa e correndo, é que non os estamos traendo a presa e correndo, estamos traéndoos no último pleno do ano que facemos, incluso o desexable tería sido que tiveran vido en novembro, non estaba

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

rematada a proposta, para que entren en vigor en xaneiro ese é o prazo natural, polo tanto traemos os orzamentos cando cremos que se deben traer e cando xa temos a proposta finalizada.

Sra. concelleira: vale, vostede empezou dicíndome que a miña interpretación era partidista; partidista non sei de que, porqué eu non teño Partido, primeiro punto. Que tampouco era real, entón..., eu creo que sei interpretalos bastante ben. Di que non é cuestión de dous días o facelo, nós tivemos os que tivemos, de martes a martes, para poder velos e estudalos.

Direille que no Capitulo dos presupostos, é partida dobre, entón se vostede incrementa o gasto de Persoal, será a conta doutra cousa, verdade? porqué ese incremento de cartos de Persoal o ten que pagar con algo, con que o vai pagar?

Sra. alcaldesa: acábollo de dicir, que faremos un suplemento con remanentes.

Sra. concelleira: ah;; para pagarlles ao persoal gastamos ese remanente que vostede non destina a inversión...

Sra. alcaldesa: si.

Sra. concelleira: pois é o mesmo, gastamos os cartos dos nosos veciños menos en inversión, en todo. E segundo, o de que vostede está dicindo, si na Comisión díxome sesenta ou setenta mil, no pleno lle dixen isto non é verdade non son sesenta, setenta mil...

Sra. alcaldesa: vólvollo a reafirmar, está vostede equivocada...

Sra. concelleira: non, está vostede equivocada ou estame mentindo, que é diferente ...

Sra. alcaldesa: non, ten vostede un dato que non sabe interpretar, ou porqué non entendeu a quen llo trasladou...

Sra. concelleira: non, voume calar, porqué eu lle din a cifra total do incremento do persoal con o posto de Tesoureiro, sen o posto de Tesoureiro, sen policía, con policía...

Sra. alcaldesa: repítolle....

Sra. concelleira: e estoulle dicindo que sen incrementos de postos son cento trinta e tres mil....

Sra. alcaldesa: repítolle que non interpretou o dato que lle transmitiron, non llo souberon explicar...

Sra. concelleira: que me diga que non sei interpretar os presupostos..., pois vostede tampouco....

Sra. alcaldesa: o que lle digo é esa cantidade, lla dixen no seu momento e lla volvo a dicir, nada mais.

Sra. concelleira: vale, vale...

Sr. voceiro do PP: vostede mesma o acaba de dicir, que lle leva moito tempo preparamos e consensualos, e aos demais tamén nos gustaría velos, como ben acaba de dicir a señora concelleira, unha semana non é suficiente para que estudemos uns orzamentos tan importantes como son estes...

Sra. alcaldesa: canto queredes vostede? canto é o legal....

Sr. voceiro: está dentro da legalidade, sabeo vostede perfectamente....

Sra. alcaldesa: ah; vale, vale...

Sr. voceiro: pero vostede antes isto non o facía, tempos atrás...

Sra. alcaldesa: si, si...

Sr. voceiro: non, dábanos mais tempo

Sra. alcaldesa: si? non me diga....

Sr. voceiro: vostede sabeo perfectamente...

Sra. alcaldesa: non, señor concelleiro...

Sr. voceiro: isto pasa recentemente; si sabemos que está dentro do legal, pero cremos que os orzamentos igual que vostede di que lle leva moito tempo consensualos, estudalos..., a nós gustaríanos velos, e nunha semana e impensable.

Sra. alcaldesa: intentaremos a próxima vez trasladarllos con mais tempo.

Sr. voceiro: vale, despois de que os grupos da oposición contamos niso, non sei que grupos, ao noso grupo desde logo ninguén nos preguntou, nin creo que das propostas que propuxemos vaia aí algunha.

Sra. alcaldesa: eu creo que si señor concelleiro, incluso nos propios plans de asfaltados de camiños estamos tendo en conta cuestións que vostedes continuamente están propoñendo a través dos rogos e das preguntas, nós escoitamos o que se di, outra cousa é que a actuación que non sexa puntual no mes seguinte, pero ao final reflíctese cando se ten crédito.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Sr. voceiro: si vale, ben.... Aparte diso, non estamos de acordo en moitos dos puntos entón non imos repetir punto por punto onde non hai acordo; o noso voto vai ser en contra.

Sra. voceira de VB: nós ratificámonos cas palabras da concelleira non adscrita, polo tanto tamén o noso voto vai ser en contra.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: dicir un comentario ao fío do que dicía a señora Sanjurjo; é certo, nós como grupo temos votado en contra dos orzamentos moitas veces, non sei que expresión utilizou vostede exactamente,

Sra. concelleira: que llos tiraba pola borda..., que sería o primeiro si, pero estaba falando do POS que o destinara a gasto corrente, non dos orzamentos.

Sr. voceiro: si, ben, quero dicir que é certo que temos votado en contra, non sei se os primeiros ou segundos en facelo, pero tamén temos acordado algún Orzamento, e negociado algún Orzamento, incluso houbo algún ano que non o puidemos acordar por circunstancias que non veñen ao caso, que a nosa intención era acordalos.

Entón, a ver..., quero dicir que vostede o di como se a nosa tónica habitual fora esa, non era esa a nosa tónica habitual, era as dúas cousas, dependendo das circunstancias dese ano...

Sra. concelleira: vostede nunca aprobou os presupostos ata que formou parte do equipo de goberno, nunca...

Sr. voceiro: si...

Sra. concelleira: vostede e eu chegamos xuntos...

Sr. voceiro: que si...

Sra. concelleira: xa o comprobarei, pero eu pódolle dicir que non..

Sr. voceiro: si, foron negociados...

Sra. concelleira: serían negociados por unha abstención, iso si, porque é o mesmo que fixen eu sempre, é a primeira vez que voto en contra, eu tamén negociéi por unha abstención, como vostede, igual.

Sr. voceiro: pero iso non é votar en contra, nin tiralos pola borda; tiralos pola borda é votar en contra...

Sra. concelleira: eu estoulle falando do POS, vostede tirouno pola borda mais dunha vez.

Sra. alcaldesa: o POS unha vez.

Sra. concelleira: pois unha vez, polo menos...

Sra. alcaldesa: e ata creo que non estaba o señor concelleiro como representante do seu grupo...

Sra. concelleira: que mais dá..., se eu estou nun grupo...

Sra. alcaldesa: normalmente o Plan de Obras e Servizos, non se aprobará por unanimidade pero polo menos é unha abstención, é habitual, unha abstención por parte dos grupos da oposición....

Sra. concelleira: creo que só unha vez eles votaron en contra, e non sei se...

Sr. voceiro: tampouco entendo moi ben en que consiste.....

Sra. concelleira: non ten maior importancia....

Sra. alcaldesa: volvamos ao debate.

Sr. voceiro: despois outra cuestión, efectivamente dicía vostede..., na oposición si din moitas cousas, e fanse moitas cousas, e unhas son acertadas e outras non, e unha das cousas que se vai aprendendo cando un da o salto... o tránsito digamos..., é que un goberno, sexa o que sexa, sexa este goberno ou o anterior, ou os futuros gobernos, cando traen un Orzamento querían traer en vez de oitocentos mil querían traer un millón trescentos como o ano pasado, ou un millón cincocentos ou dous millóns... que goberno non querría facer iso? falo a nivel municipal, da Xunta, a nivel estatal, todos os gobernos queren traer o mellor, porque é algo que loxicamente vende, para entendernos, vale? e indo ao vulgar, vale?.

Entón si, na oposición dinse moitas cousas, dinse moitas cousas e que nos equivocamos cando se din...

Sra. concelleira: pero vostede estamo dicindo, venden, entón a estes presupostos hai moitas maneiras de darlles a volta, e vostedes fixeron uns presupostos que parece que as eleccións son no 2018.

Sra. alcaldesa: pero mire, iso xa é unha interpretación moi enrevesada; a ver, os orzamentos, repito e xa damos por concluído o debate, son o mellor que se poden traer e poden ser discutibles, e ademais é lóxico, discutibles perfectamente porque por iso defendemos a Partidos distintos e por iso imos en formacións diferentes, e iso, ata aí obviamente é o lóxico, agora, estar xa pensando en futuras eleccións e demais..., mire, o Orzamento que se trae podería ser moi mellorable se tivermos moitos mais ingresos, como non temos mais ingresos ao día de hoxe, pois

entón témonos que conformar con este, e xa digo, vostedes poden dicir, pois nós non queremos investir en Educación, nós non queremos investir tanto nos Servizos Sociais, nós queremos investir mais en amañar mais camiños, é dicir, podería haber perfectamente ese debate que entra realmente no debate político e no debate duns orzamentos, pero non estamos para nada pensando nunha cuestión de venta, porqué ademais non é a palabra axeitada, aquí os orzamentos fanse, e iso creo que estaremos todos de acordo, para que despois reflectan o mellor para todos os veciños, ou a maioría deles, creo que niso incluso poderemos estar de acordo. En todo caso xa digo, moi mellorable, e niso estou de acordo con todos vostedes.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto en contra, concelleira non adscrita: un (1) voto en contra. **Total sete (7) votos a favor e catro (4) en contra.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

4. DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DO 24.10.2017 RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO, ANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DA CORUÑA PA 149/2017. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 1154/2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza de 14 de decembro, que transcrita literalmente di:

<<Con data 24 de xullo de 2017, e núm. de rexistro de entrada 5453, recíbese neste Concello escrito do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 da Coruña, no que se notifica que admítase a trámite o recurso contencioso administrativo, procedemento abreviado nº 149/2017, interposto por María Pardo Fafián contra o acordo plenario do 25 de maio de 2017 desestimatorio do recurso de reposición interposto pola recurrente en materia de compatibilidade, e contra a resolución da alcaldía núm. 452/2017, do 18 de maio, desestimatoria do escrito presentado pola interesada o 26 de abril de 2017 contra actos de execución do acordo plenario do 30 de marzo de 2017.

Por acordo plenario do 27.07.2017, acordouse o persoamento do Concello no procedemento citado perante o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 da Coruña, en relación ao procedemento abreviado 149/2017, exercitando este Concello a súa defensa, encomendando tal defensa e representación ao Letrado-Asesor Xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña, D. Ramón Valentín López Rey, ou calquera outro Letrado adscrito a dita Asesoría Xurídica, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Entes Locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión do 25.05.1988, publicado no BOP núm. 245 de 25 de outubro de 1988.

Con data 30.10.2017, notificase a sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 da Coruña, no procedemento abreviado 149/2017, que no seu fallo dispón: "*FALLO. Que debo desestimar el recurso contencioso-administrativo interpuesto por Doña María Pardo Fafián contra el Ayuntamiento de Bergondo, representado por el letrado de la Diputación Provincial de A Coruña en asistencia a municipios sobre personal mantengo la resolución recurrida*"

Con data 29.11.2017, notificase polo Letrado-Asesor Xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña, polo que se comunica que con data 27.11.2017, foille notificada dilixencia de ordenación de data 23.11.2017, ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 da Coruña, pola que se admite o recurso de apelación interposto por María Pardo Fafián, contra a sentenza do 24.10.2017.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

Visto o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en exercicio das miñas funcións, ditouse a Resolución núm. 1154/2017, do 01.12.2017, que se transcribe literalmente:

<<Vista a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña de data 24.10.2017, recaída no recurso PA 149/2017, interposto por María Pardo Fafián contra o acordo plenario do 25 de maio de 2017 desestimatorio do recurso de reposición interposto pola recurrente en materia de compatibilidade, e contra a resolución da alcaldía núm. 452/2017, do 18 de maio, desestimatoria do escrito presentado pola interesada o 26 de abril de 2017 contra actos de execución do acordo plenario do 30 de marzo de 2017, pola que se desestima íntegramente o devandito recurso contencioso-administrativo.

Visto o escrito do Letrado-Asesor Xurídico da Excma. Deputación Provincial da Coruña, do 29.11.2017, polo que se comunica que con data 27.11.2017, foille notificada dilixencia de ordenación de data 23.11.2017, ditada polo Xulgado do contencioso administrativo nº 1 da Coruña, pola que se admite o recurso de apelación interposto por María Pardo Fafián, contra a sentenza do 24.10.2017.

Visto o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en exercicio das miñas funcións pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Que se proceda a formular oposición ao recurso de apelación presentado pola representación procesal de María Pardo Fafián, contra a sentenza do 24.10.2017 do Xulgado do contencioso administrativo nº 1 da Coruña, recaída no PA 149/2017, exercitando este Concello a súa defensa e representación, encomendando tal defensa e representación ao Letrado-Asesor Xurídico da Excma. Deputación Provincial, D. Ramón Valentín López Rey, ou calquera outro Letrado adscrito a dita Asesoría Xurídica, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Entes Locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión do 25.05.1988, publicado no BOP nº 245 de 25 de outubro de 1988.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao Organismo Provincial e ao mesmo tempo facilitarlle cantos antecedentes sexan necesarios para os fins indicados.

TERCEIRO. Someter o presente acordo á ratificación do Pleno do Concello na primeira sesión que éste celebre, consonte co disposto no artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local...>>

Visto o artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO. Ratificar na súa integridade a Resolución núm. 1154/2017, do 1 de decembro, consonte co disposto no artigo 21.1.k) en relación co artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Bergondo, o 11 de decembro de 2017. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez>>

Sra. alcaldesa: pois como di o punto damos conta sentenza e despois a parte de acordo, que é esa ratificación para formular oposición ao recurso de apelación e volver a delegar esa representación na Deputación Provincial; é un tema de Pleno e por iso ten que vir.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: enterada do dar conta e voto favorable a continuar co procedemento.

Sr. voceiro do PP: si, voto favorable.

CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) ☐ www.bergondo.es ☐ Telf.: 981 79 12 52 ☐ Fax: 981 79 42 33

Sra. concelleira de VB, M.^a Loreto Caseiras: o único que quero comentar, como se dixo tamén na Comisión informativa, é que dado que existe este servizo que a Deputación ofrece aos concellos para asesoramento xurídico que implica que ao concello non lle custa ningunha contratación en ningún despacho xurídico como si realizou con outros moitos procedementos que ten en curso, utilicen e continúen por esta liña na medida do posible, que xa sei que non sempre se poderá facer, pero vostede solicíteo e xa nolo denegarán. O feito de que poida representarnos a Deputación cos seus servizos xurídicos en cantos procedementos contenciosos teña este concello, que non é un nin dous. Voto a favor.

Sra. alcaldesa: como lle dixen o outro día, iremos decidindo conforme vaian xurdindo mais contenciosos se se levan ou non, e porqué tamén hai que autoracionalizar os servizos públicos, nós incluso cremos que é un orgullo ter o Servizo de Asesoría Xurídica, realmente o servizo de Asistencia a Municipios que é o fin propio da Deputación.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total once (11) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

A señora alcaldesa manifesta que aínda que era unha sesión extraordinaria, e tendo en conta que este mes non haberá a ordinaria, incluíuse este punto na Orde do día.

Para esta sesión os Grupos políticos non presentaron rogos nin preguntas, polo que a Sra. alcaldesa pasa a dar resposta ás preguntas do grupo municipal do PP que quedaron pendentes da sesión anterior; son as seguintes:

-Parécenos que chegamos tarde a colocación do alumeado navideño. ¿cando teñen pensado colocalo?

Sra. alcaldesa: naquel momento estaba xa iniciada a licitación do contrato e nós xa poñemos un pouco mais tarde, entendemos que tampouco ten porqué ser a primeiros de decembro, pero á vista está en que sobre o día catorce, quince de decembro que é cando poñemos no propio contrato que se coloquen o alumeado navideño

-En canto as restriccións da auga pola seca, xa se tomou algunha medida, vaise a informar aos veciños?

Sra. alcaldesa: íase informar aos veciños, efectivamente era unha pregunta moi acertada no pleno de novembro, o que lle podo dicir é que xa naquel momento e agora continuamos igual da man de Augas de Galicia, tendo reunións na propia Delegación da Xunta e naquel momento, e de feito incluso polo de agora, as medidas que se estaban levando a cabo eran sobre todo detección en caso de fugas, redución de presións e demais.

Non estabamos naquel momento no nivel de ter que facer cortes de auga aquí en Bergondo, saben que tamén hai esa posibilidade que se estuda do trasvase dende Meirama, que esa é unha demanda que realmente séguese solicitando por parte dos concellos de toda a contorna que nos abastecemos do embalse de Cecebre.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e oito minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria

Ana M.^a Cacharrón Castelos

V. e Pr.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez